

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 10 DE FEBREIRO DE 2022**

**EXPEDIENTE GD: 951/2022**

### ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 79 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ames (BOP número 78 de 26 de abril de 2016), **RESOLVO**:

**Primeiro.** Convocar **sesión extraordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 10 de febreiro de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas).

A Xunta de Voceiros do 16.09.2021 acordou que as sesión dos plenos, dada a mellora da situación sanitaria naquel momento, volverían a ser presenciais. Posteriormente co empeoramento da situación sanitaria aconsellouse non pechar a posibilidade de modificar a forma de celebración do pleno, que podería ser mixta ou, incluso, telemática.

Sometido a consulta cos integrantes de Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas celebrada no día de hoxe, decídese que a sesión do pleno se celebre de xeito presencial.

### ORDE DO DÍA:

**Punto Primeiro.** Aprobación da participación no Plan POS+2022. Plan Único.

**Punto Segundo.** Aprobación da participación no Plan Pos adicional 1/2022 gasto social.

**Segundo.** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditálo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde  
José Blas García Piñeiro

A secretaria accidental  
Concepción Vilas Cantelar